UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2015/16 |
| Asignatura (*) | Contabilidade Financeira I | Código | 611G02013 |
| Titulación | | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuadrimestre | Segundo | Obrigatoria | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | CastelánGalego | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Economía Financeira e Contabilidade | | |
| Coordinación | Muiño Vazquez, Maria Flora | Correo electrónico | flora.muino@udc.es |
| Profesorado | Aguiar Maragoto, Fernando<br>Alvarez Dominguez, Maria America<br>Gomez Rodriguez, Maria Luz<br>Muiño Vazquez, Maria Flora<br>Rodríguez Sánchez, Carlos Enrique<br>Salvador Montiel, Maria Dolores | Correo electrónico | fernando.aguiar@udc.es<br>america.alvarez@udc.es<br>luz.gomez@udc.es<br>flora.muino@udc.es<br>carlos.rodriguez.sanchez@udc.es<br>maria.dolores.salvador@udc.es |
| Web | | | |
| Descrición xeral | Introducir ao alumno nos conceptos básicos que guían o proceso de elaboración e comunicación da información contable. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Coñecer o método contable e o seu output: os estados financeiros | A2<br>A3<br>A4<br>A6<br>A7<br>A8<br>A9 | B7 | |
| Rexistrar contablemente, presentar e interpretar calquera transacción económica básica. | A1<br>A2<br>A3<br>A4<br>A5<br>A6<br>A7<br>A9 | B7 | C7<br>C8 |
| Capacidade para aprender de xeito autónomo, buscando a solución a novos problemas a través da aplicación dos coñecementos adquiridos. | A6<br>A9<br>A10<br>A11 | B1<br>B2<br>B3<br>B5<br>B7 | C5<br>C6<br>C7<br>C8 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Capacidade para traballar en equipo de maneira consultiva. | A12 | B4<br>B6<br>B8<br>B10 | C4<br>C6 |
| Habilidade para presentar, discutir e defender puntos de vista diferentes. | A12 | B2<br>B3<br>B4 | C1<br>C4<br>C6 |
| Ter un comportamento ético nos negocios. | | B10 | C4 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| Primeira parte: Fundamentos básicos da contabilidade. | PRIMEIRA PARTE |
| Tema 1: Introdución á contabilidade. | 1.1. Actividade económica e necesidade de información.<br>1.2. Concepto de contabilidade.<br>1.3. Divisións da contabilidade. |
| Tema 2: A información financeira. | 2.1. Usos e usuarios da información financeira.<br>2.2. Características básicas da información financeira.<br>2.3. Normativa para á elaboración da información financeira. |
| Tema 3: O balance de situación. | 3.1. O patrimonio da empresa.<br>3.2. Principio de dualidade.<br>3.3. Elementos patrimoniais: activos, pasivos e neto. |
| Tema 4:  A conta de resultados e o estado de fluxos de efectivo. | 4.1. Criterio do devengo.<br>4.2. Resultado do período: ingresos e gastos.<br>4.3. Fluxo de efectivo: cobros e pagos. |
| Tema 5: O método contable. | 5.1. Transaccións económicas e feitos contables.<br>5.2. A conta.<br>5.3. Tecnicismos das contas. |
| Tema 6: Rexistros contables. | 6.1. Anotacións no libro diario.<br>6.2. Traspaso do libro diario ao libro maior.<br>6.3. Balance de comprobación e estados financeiros. |
| Tema 7: O ciclo contable | 7.1. Rexistro das operacións realizadas no período.<br>7.2. Axustes por aplicación do devengo.<br>7.3. Preparación de estados financeiros.<br>7.3. Peche de contas temporais. |
| Segunda parte: Introdución ao rexistro, presentación e interpretación de transaccións básicas. | SEGUNDA PARTE |
| Tema 8: Transaccións de existencias comerciais. | 8.1. Compras de existencias.<br>8.2. Vendas de existencias.<br>8.3. Custe de produtos vendidos e existencias finais.<br>8.4. Perdas de valor de existencias. |
| Tema 9: Valoración das saídas de existencias. | 9.1. Seguimento individualizado.<br>9.2. Asuncións acerca do fluxo de custo: FIFO, LIFO, PMP.<br>9.3. Efecto da asunción do fluxo de custo sobre os estados financeiros. |
| Tema 10: Dereitos e obrigas derivados de operacións comerciais. | 10.1. Compra-venda de existencias realizada a crédito.<br>10.2. Gastos e ingresos pendentes de pago/cobro.<br>10.3. Gastos e ingresos pagados/cobrados por anticipado.<br>10.4. Perdas de valor de dereitos derivados de operacións comerciais. |
| Tema 11: Inmobilizado. | 11.1. Adquisicións de inmobilizado.<br>11.2. Perdas de valor de inmobilizado.<br>11.3. Vendas de inmobilizado. |

| | |
|---|---|
| Tema 12: Captación de recursos financeiros. | 12.1. Achegas dos accionistas.<br>12.2. Préstamos e outras débedas.<br>12.3. Remuneración de accionistas e prestamistas. |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A1 A7 B1 B2 C5 C6 C8 | 17 | 34 | 51 |
| Discusión dirixida | A8 A12 B2 B3 B4 B8 B10 C4 C5 C6 | 7 | 21 | 28 |
| Obradoiro | A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B5 B6 B7 C1 C5 C6 C7 | 18 | 36 | 54 |
| Proba de resposta múltiple | A3 A8 A11 B2 | 1 | 2 | 3 |
| Proba obxectiva | A1 A3 A8 A11 B2 | 2 | 8 | 10 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Exposición feita polo profesor dos conceptos básicos necesarios para que os alumnos poidan buscar solución aos problemas contables tratados no programa. |
| Discusión dirixida | Preparación dos temas formulados polo profesor e participación na discusión dos mesmos na aula. |
| Obradoiro | Resolución de exercicios e casos prácticos en grupo, tanto na aula coma fora dela, con apoio do profesor. |
| Proba de resposta múltiple | Durante o curso realizarase una proba tipo test sen previo aviso. |
| Proba obxectiva | Exame final sobre aspectos teóricos e prácticos. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Obradoiro<br>Discusión dirixida | Os problemas contables propostos para a súa resolución na aula teñen por obxecto afianzar a comprensión dos conceptos e da técnica contable. Para isto, o alumno será guiado polo profesor de xeito que poda chegar á solución ou solucións dos problemas que se lle propoñen. Adicionalmente, por medio das titorías, o profesor guiará a preparación das cuestións propostas para discutir na aula e a resolución das tarefas deseñadas para realizar fora da aula. Por último, as titorías en grupo (4 horas ao longo do cuadrimestre) destinaranse a discutir casos prácticos que pola súa complexidade ou variedade de solucións posibles requiren un maior grado de atención personalizada. Os grupos dividiranse en dous (15 alumnos aprox.) para as titorías en grupo. O profesor tratará de fixar as horas para as mesmas, se hai dispoñibilidade de aulas, na franxa horaria inmediatamente anterior ou posterior a aquela na que o grupo teña asignada a súa docencia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba de resposta múltiple | A3 A8 A11 B2 | Durante o curso realizarase unha proba tipo test. O alumno que, por calquera razón, non realice a proba terá a cualificación de cero na mesma. | 10 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Proba obxectiva | A1 A3 A8 A11 B2 | A fin de curso, no día e hora fixados polo centro, realizarase un exame dos contidos teóricos e prácticos. | 50 |
| Obradoiro | A2 A3 A4 A5 A6 A8 A9 A10 A11 A12 B1 B5 B6 B7 C1 C5 C6 C7 | Valorarase, a través de pequenas probas escritas individuais realizadas na aula, a aprendizaxe fora da aula baseada na resolución dos exercicios e casos prácticos propostos polo profesor. | 40 |

**Observacións avaliación**

A metodoloxía proposta persigue dous obxectivos básicos: i) incentivar ao alumno para que traballe de xeito continuado ao longo do curso e ii) fomentar a autonomía do alumno no proceso de aprendizaxe. Con este fin, ao alumno pídeselle que:

a) Prepare, individualmente ou en grupo, as cuestións indicadas polo profesor para a súa discusión na aula. Valórase, tanto o rigor nos argumentos utilizados, consecuencia da súa preparación previa, como a habilidade para presentar e defender o seu punto de vista fronte ao dos seus compañeiros. Por esta vía o alumno pode compensar con ata 1 punto a cualificación total obtida coa avaliación continua (obradoiro e proba de resposta múltiple), sen superar o máximo que corresponde a esta avaliación (5 puntos).

b) Semanalmente realice os exercicios e casos prácticos propostos polo profesor. Recoméndase o traballo en equipo para discutir as posible solucións. Ao inicio dunha das dúas sesións de cada semana o profesor presentará aos alumnos un pequeno exercicio, similar aos propostos para realizar fora da aula, que cada alumno deberá resolver de xeito individual no tempo marcado polo profesor. Estes exercicios recolleranse e de todos eles o profesor valorará catro, elixidos aleatoriamente ao rematar o cuadrimestre.

En canto ao exame final e á cualificación na acta, lémbranse os seguintes acordos da Comisión Permanente da Facultade de Economía e Empresa do 6 de xullo de 2011:

Cualificación de non presentado. Corresponde ao alumnado, cando só participe de actividades de avaliación que teñan unha ponderación inferior ao 20% sobre a cualificación final, con independencia da cualificación acadada.

Condicións de realización do exame final. Está prohibido acceder á aula de exame con calquera dispositivo que permita a comunicación co exterior e/ou o almacenamento de información.

Avaliación da oportunidade de xullo. Esta debe realizarse cos mesmos criterios que os utilizados, no seu caso, na avaliación do primeiro ou do segundo cuadrimestre.

Por último, no caso de que ao alumno se lle conceda unha oportunidade de "avaliación adiantada", e só nese caso, realizarase unha proba mixta encamiñada a avaliar todas as competencias e contidos propios da materia.

**Fontes de información**

| | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Larrán Jorge, Manuel (Coord.) (2009). Fundamentos de Contabilidad Financiera. Pirámide<br>- Muñoz Merchante, Ángel (2008). Fundamentos de Contabilidad. Ramón Areces<br>- Phillips, F., Libby, R. y Libby, P.A. (2006). Fundamentals of Financial Accounting. McGraw Hill<br>- Solà Tey, Magda y Vilardell Riera, Inmaculada (2009). Introducción a la Contabilidad General. McGraw Hill<br>- Sutton, Tim (2004). Corporate Financial Accounting and Reporting. Prentice Hall<br>- Reverte Maya, Carmelo (2014). Exercises of Financial Accounting. Ecobook |
| **Bibliografía complementaria** | - Horngren, C.T.; Harrison, W.T y Bamber, L. S. (2003). Contabilidad. Pearson<br>- Muñoz Jiménez, José (Coord.) (2008). Contabilidad Financiera. Pearson |

**Recomendacións**

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Análise das Operacións Financeiras/611G02004

Economía da Empresa: Dirección e Organización/611G02008

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

Contabilidade Financeira II/611G02018

**Observacións**

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías